



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número 42 /2024

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A REAL ACADEMIA GALEGA DE CIENCIAS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA FINANCIAR O CURSO: *FRONTEIRAS, DENDE A ORIXE DO UNIVERSO ATA A EXPLORACIÓN ESPACIAL*.

Na Coruña, a 1 de Xullo, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante,

REUNIDOS

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña e

Doutra parte, Don Juan Manuel Lema Rodicio, Presidente da Real Academia Galega de Ciencias,

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A Real Academia Galega de Ciencias é unha corporación científica de dereito público, tal como ven definido no artigo 1 dos seus estatutos, creada por RD 1218/1977 do 23 de abril.

Esta circunstancia refórzase tamén polas disposicións do Decreto 392/2003, do 23 de outubro da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública da Xunta de Galicia que *“en atención á importante labor que no fomento da cultura e da investigación realizan as Akademias”* regula as competencias da Comunidade Autónoma en materia de Akademias de Galicia.

No dito decreto *“se procede á definición destes institutos xurídicos como corporacións de dereito público que teñen como finalidade primordial o fomento, a investigación e o desenvolvemento das ciencias, das artes, das letras e da cultura, en xeral. Esta natureza pública venlles dada como órganos que son asesores da Administración nos termos establecidos en cada caso pola normativa vixente.”*

2.- De conformidade co capítulo 2 dos Estatutos, son finalidades da Real Academia Galega de Ciencias, entre outros:

- Fomentar a investigación, o estudo e a divulgación das Ciencias e das súas aplicacións e a

incorporación do coñecemento científico á sociedade como coadyuvante do desenvolvemento socio-económico,

- Elaborar informes, estudos ou ditames sobre as materias científicas que lle son propias.

- Fomentar as relacións con outras institucións en áreas de interese común.

- Achegar á sociedade en xeral, a través dos distintos medios de comunicación, información e opinión documentada e contrastada sobre cuestións de índole científica que sexan de conveniente difusión.

3.- De conformidade cos art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, é competencia propia das deputacións o fomento dos intereses peculiares da provincia e a organización de actividades que teñan por obxecto o fomento en materia de educación e cultura.

4.- A Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Ciencias coinciden no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Real Academia Galega de Ciencias**, con CIF: Q1568010A, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Curso: Fronteiras, dende a orixe do universo ata a exploración espacial*, co seguinte programa:

Seminario 1. Facendo conexións entre a Física de Partículas e a Cosmología

Día 10 de xuño de 2024, no Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE). USC Santiago de Compostela.

- * 17:00.- Presentación do curso.- Valentín González Formoso, Presidente da Deputación da Coruña; Juan Manuel Lema Rodicio, Presidente da RAGC; Representante do IGFAE; Minia Manteiga Outeiro/Ana Ulla, Coordinadoras do curso.

- * 17:15.- O universo do yoctosegundo: explorando a formación do estado primordial da materia.- Carlos Salgado López, Senior Staff-ERC Advanced Grant. Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE). Universidade de Santiago de Compostela.

- * 18:00.- Delimitando a Cosmología coas medidas do fondo de radiación cósmico.- Fernando Atrio Barandela, Catedrático de Astrofísica. Universidad de Salamanca.

- * 18:45.- Pausa-café.

- * 19:15.- Surveys de galaxias: rastrexando a distribución da materia en diferentes épocas cósmicas.- Rosa Domínguez Tenreiro, Catedrática de Física. Universidad Autónoma de Madrid.

- * 20:00.- Debate coa participación de todos os oradores.

- * 20:30.- Fin da xornada.

Seminario 2. Dende a astrofísica das ondas gravitacionais aos telescopios Cherenkov: medindo o Universo máis extremo

Día 11 de xuño de 2024, no Campus de Ferrol. Universidade da Coruña Ferrol.

- * 17:00.- Presentación da xornada.- Juan Manuel Lema Rodicio, Presidente da RAGC; Minia Manteiga Outeiro/Ana Ulla, Coordinadoras do curso.

- * 17:15.- O Universo extremo e as ondas gravitacionais.- Juan Calderón Bustillo, Investigador Ramón y Cajal. Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE).

- * 18:00.- Observando os procesos de máis alta enerxía no Universo mediante telescopios Cherenkov.- Rubén López Coto, Instituto de Astrofísica de Andalucía (IAA-CSIC). Granada.
- * 18:45.- Pausa-café.
- * 19:15.- Buracos negros e estrelas de neutróns: a física nos límites.- Teodoro Muñoz Darias, Instituto de Astrofísica de Canarias (IAC). Tenerife. (pte. Confirmación)
- * 20:00.- Debate ca participación de todos os oradores.
- * 20:30.- Fin da xornada.

Seminario 3. Onde a vida poida estar no universo

Día 12 de xuño de 2024, no Centro de Investigación en Tecnoloxías en TIC (CITIC). Universidade da Coruña A Coruña

- * 17:00.- Presentación da xornada.- Juan Manuel Lema Rodicio, Presidente da RAGC; Minia Manteiga Outeiro/Ana Ulla, Coordinadoras do curso.
- * 17:15.- O Sol e o seu sistema planetario, unha singularidade no Universo?.- Benjamín Montesinos Comino, Centro de Astrobiología (CAB-CSIC), Madrid e Presidente da Sociedad Española de Astronomía (SEA).
- * 18:00.- Búsqueda de vida máis aló do sistema solar, o que depara o futuro.- Isabel Rebollido Vázquez, Axencia Europea do Espazo (ESAC), Madrid.
- * 18:45.- Pausa-café.
- * 19:15.- As bases da vida dende unha perspectiva astrobiolóxica.- Ester Lázaro Lázaro, Centro de Astrobiología (CAB-CSIC), Madrid.
- * 20:00.- Debate coa participación de todos os oradores.
- * 20:30 Fin da xornada.

Seminario 4. Exploración e observación espacial

Día 13 de xuño de 2024, na Casa das Ciencias. Concello da Coruña

- * 17:00.- Presentación da xornada.- Juan Manuel Lema Rodicio, Presidente da RAGC; Minia Manteiga Outeiro/Ana Ulla, Coordinadoras do curso.
- * 17:15.- O programa da ESA para a exploración do sistema solar.- Alejandro Cardesín Moinelo, Axencia Europea do Espazo (ESAC), Madrid.
- * 18:00.- O telescopio Webb: dous anos de descubrimentos.- Almudena Alonso Herrero, Centro de Astrobiología (CAB-CSIC), Madrid.
- * 18:45.- Pausa-café.
- * 19:15.- A Axencia Española do Espazo e o seu papel na exploración e observación espacial.- Eva Villaver Sobrino, Directora de Comunicacions e Relacións Institucionais da Agencia Espacial Española (AEE).
- * 19:15.- Sesión de planetario (tentativo), Persoal da Casa das Ciencias.
- * 20:00.- Debate coa participación de todos os oradores.
- * 20:30.- Fin da xornada.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Real Academia Galega de Ciencias desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Conferencias: 250 € x 12	3.000,00
Coordinación: 450 € x 2	900,00
Transmisión telemática: 1.000 € x 4	4.000,00
Organización: 4.000 € x 1	4.000,00
Deseños imprenta: 3.700 € x 1	3.700,00
Difusión: 4.000 € x 1	4.000,00
Desprazamento e estadía de relatores e coordinador: 600 x 9	5.400,00

Total gastos: 25.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 80,00%.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia Galega de Ciencias obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia Galega de Ciencias.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Real Academia Galega de Ciencias, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Real Academia Galega de Ciencias deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia Galega de Ciencias.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Real Academia Galega de Ciencias unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

- * **Memoria** de actuación, subscrita polo representante legal da Real Academia Galega de Ciencias, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- * **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

- * **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- * **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- * **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- * **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.
- * **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- * **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2024**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia Galega de Ciencias deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2025**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Real Academia Galega de Ciencias para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Real Academia Galega de Ciencias da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira

indicada pola Real Academia Galega de Ciencias na documentación aportada.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Real Academia Galega de Ciencias deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Real Academia Galega de Ciencias destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia Galega de Ciencias deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia Galega de Ciencias poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia Galega de Ciencias queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia Galega de Ciencias serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no precepto e co debido respecto á protección de datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia Galega de Ciencias será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de maio de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2024.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Real Academia Galega de Ciencias, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia;

supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario número 5 de data 31 de maio de 2024.

E en proba de conformidade, asinan exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA**

**O PRESIDENTE DA REAL
ACADEMIA GALEGA DE CIENCIAS**

Asdo. Valentín González Formoso

Asdo. Juan Manuel Lema Rodicio

**A SECRETARIA XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo. Amparo Taboada Gil